

XENERAIS  
DA ULLA



FESTA DA  
FILLOA DE  
LESTEDO



BOQUEIXON  
*Festas Declaradas*

+ info:

WWW.  
BOQUEIXON  
.COM



FESTAS  
DECLARADAS  
DE INTERESE  
TURÍSTICO  
EN BOQUEIXÓN



BOQUEIXON  
*Festas Declaradas*

XENERAIS  
DA ULLA



FESTA DA FILLOA  
DE LESTEDO

## ENTROIDO DOS XENERAIS DA ULLA (SERGUDE- LESTEDO)

Declarada Festa de Galicia de Interese Turístico

O Entroido é unha festa cíclica do ano que se celebra o domingo de entroido na parroquia de Sergude e o domingo de “piñata” (domingo seguinte ó martes de entroido) en Lestedo durante a Festa da Filloa, ambos no Concello de Boqueixón. Na mesma época do ano, tamén se festexa nos concellos de A Estrada, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces.

De entre as distintas expresións do entroido, é preciso destacar a dos Xenerais da Ulla, como unha tradición única e centenaria da que temos as primeiras testemuñas dende mediados do século XIX.

A orixe destes desfiles de xenerais e correos parece estar na Guerra da Independencia. A parte principal que se reflexa no Entroido da Ulla era un combate entre os paisanos e as tropas de Napoleón.

Máis próxima a unha explicación antropolóxica e lonxe das teorías sobre a orixe desta manifestación, a súa pervivencia no paso do tempo pode deberse á necesidade de autoafirmación dunhas parroquias fronte a outras, necesidade xurdida pola concepción tradicional do ente parroquial, como un núcleo illado e que dota dun fortísimo arraigo ós parroquianos que nel habitan.

Os Xenerais da Ulla son a expresión dunha das manifestacións culturais máis significativas e senlleiras das xentes da nosa comarca.

Son os xenerais e os correos, característicos personaxes que percorren a parroquia de Sergude vestidos con engalanados traxes ó lombo de briosos cabalos, dando as vivas a toda a veciñanza. En Sergude e en Lestedo, pola tardiña tanto os xenerais como correos xúntanse para botar os altos e atranques (loitas verbais cunha singular declamación, que con forte ironía e retranca tratan os acontecementos máis destacados da actualidade política, social, cultural,...).



*Que che pasou rapaciña  
que chegaches sen alento  
sei que foches polo aire  
e viñeches polo vento.*

*Miña nai moito corrín  
para traerche noticias da aldea  
o Entroido chegou a Sergude  
pola mañá xa lle vin as orellas.*

*Haberá que deixalo pasar  
sen poñer impedimento  
que hoxe é domingo de Entroido e el está  
no seu dereito.*

*Xá se escoitan as comparsas  
diante veñen os cabalos  
con expellos ven fermosos  
virán engalanados.*

*Os xenerais de montura  
cos tricornios enriba da testa  
con plumas e mil aderezos  
lucirán o traxe de festa.*

**Atranque dos Xenerais  
Entroido de Sergude**

## FESTA DA FILLOA DE LESTEDO

Declarada Festa de Galicia de Interese Turístico

A Festa da Filloa de Lestedo - Boqueixón, nace no ano 1984 dunha reunión de veciños da parroquia, para facer popular unha tradición da zona.

Todos os anos, na época do entroido e cadrando co domingo de “piñata” (domingo seguinte ó martes de entroido), miles de persoas veñen ó Campo da Festa de Lestedo para degustar este produto nas súas diferentes formas de acompañamento.

Esta festa da filloa foi unha das primeiras exaltacións gastronómicas da filloa celebradas en Galicia, centrándose nun produto exclusivamente galego, como autóctonos son tamén os produtos típicos que o acompañan (mel, chourizos,...). Dada a súa antigüidade pódese determinar que naceu como unha verdadeira posta en valor deste produto característico do entroido galego.

Ademais do propio interese gastronómico, esta festa contribúe a recuperar outras tradicións como é a dos Xenerais da Ulla. Non só está plenamente consolidada dentro do amplo abano de celebracións gastronómicas, senón que acada cotas moi altas como instrumento de conservación e promoción da cultura galega.

Dende o ano 2004, cóntase cunha máquina artesanal que permite producir unha media de entre 1.200-1.600 filloas cada hora sen que este produto perda o seu sabor e textura orixinal. A máquina, que ten case sete metros de diámetro, baséase nun rotor central cun motor eléctrico que fai xirar os corenta filloeiros, que coce cada un á súa vez catro filloas, sobre un círculo de lume. Para atender a máquina precísanse sete persoas.

